


# PLAN DE CONCRECIÓN CURRICULAR (PCC)

CRA MESTRA CLARA TORRES



## INTRODUCCIÓN - CONTEXTUALIZACIÓN

Nun centro son importantes moitos documentos para un bo funcionamento do mesmo. A programación didáctica é o documento máis importante para o labor esencial dun centro educativo, o proceso de ensino e aprendizaxe do seu alumnado. Todo o que se expón neste documento vai dirixido á práctica docente como unha guía e ferramenta de traballo, ao mesmo tempo que é una guía para as familias e o propio alumnado, que, entre, outros aspectos, lles vai permitir o que van aprender, como se lles vai exixir e como se lles vai valorar.

Os referentes legislativos sobre os que se asenta esta concreción curricular son:

- LOMCE: *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*

- *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2009).*

- *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 10 de xullo de 2009).*

Ao establecer a concreción curricular do 2º ciclo de educación infantil preténdese garantirlle unha educación común ao conxunto do alumnado e asegurar unha educación non discriminatoria que considere as posibilidades de desenvolvemento do alumnado, sexan as que foren as súas condicións persoais e sociais -capacidade, sexo, raza, lingua, orixe sociocultural, crenzas e ideoloxía-, mediante o exercicio de actuacións positivas ante a diversidade do alumnado. O currículo desta etapa oríentase a lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos - físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo- e a procurar as aprendizaxes que contribúen e fan posible o devandito desenvolvemento.

As aprendizaxes da etapa preséntanse en tres áreas diferenciadas das cales se describen os obxectivos xerais, contidos e criterios de avaliación; porén, boa parte dos contidos dunha área adquiren sentido desde a perspectiva das outras dúas, coas cales está en estreita relación, dado o carácter globalizador da etapa.

A organización en bloques establecida neste decreto ten como finalidade a presentación dos contidos de forma coherente. Posibilítalle ao equipo docente a planificación e o deseño dun esquema de interrelación e de transacción entre os bloques propostos que reflecta a globalidade da acción das aprendizaxes das nenas e dos nenos.

A avaliación terá como fin a identificación das aprendizaxes consolidadas polo alumnado, así como a valoración do desenvolvemento alcanzado. Ten, polo tanto, un carácter netamente formativo. Nesta formulación, os criterios de avaliación concíbense como unha referencia para orientar a acción educativa.

Enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas. **O novo currículo tal como o establece a LOMCE 8/2013** está integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, e a metodoloxía didáctica.

Esta proposta curricular pretende ser una planificación da intervención educativa partindo do establecido no proxecto Educativo e no plan de concreción curricular do centro. Do mesmo xeito, da resposta ao establecido nos diferentes plans: proxecto lingüístico, plan lector, plan de convivencia e plan TIC, mediante acción integradas no desenvolvemento curricular. No deseño desta proposta potenciaremos aprendizaxes por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supoñer un importante cambio nas tarefas que teñen que resolver os alumnos e as alumnas, e propostas metodolóxicas

innovadoras. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como «un saber facer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais.

**Para lograr este proceso de cambio curricular** é preciso favorecer unha visión interdisciplinaria e, de maneira especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación. O papel do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situación de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción.

Os contidos agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas a que van dirixidos.

As competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro e do profesorado a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

As actividades de aprendizaxe integradas poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Pola súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinario. **O feito de tratar simultaneamente, nunha mesma actividade, contidos de bloques distintos e áreas diferentes, permitirlle ao profesorado determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe.**

**O CRA MESTRA CLARA TORRES velará por un tratamento equilibrado das competencias clave nas programacións didácticas.**

## **ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS**

A esixencia de orientar e dar un sentido educativo á educación infantil fai necesario facer explícitos os principios metodolóxicos que deben enmarcar a acción pedagóxica neste ciclo. As distintas orientacións preséntanse agrupadas en seis epígrafes, co fin de facilitar a súa lectura.

### **AMBIENTE DE APRENDIZAXE**

Unha axeitada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo, será fundamental para a consecución das intencións educativas

## ESPAZOS

Na distribución do espazo preverase que as nenas e os nenos dispoñan de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sos e para xogar e para relacionarse cos demais; espazos para actividades que requiran unha certa concentración e espazos amplos que faciliten o movemento. A persoa docente preverá as distintas situacións xerando un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lles permita ás criaturas sentirse cómodas, seguras e acollidas.

## MATERIAIS

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, consecuentemente, ás características individuais do alumnado. Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o mais diversos posible, ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento.

Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vellelo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de despertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor.

## TEMPOS

Será necesario organizar o tempo baixo presupostos de flexibilidade, de xeito que permitan ao profesorado axestalo ás características das tarefas. No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades das criaturas.

## PERSPECTIVA DIDÁCTICA

Organizaranse os contidos tendendo cara a un “enfoque globalizador”, que debe entenderse como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais -situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo...- nas que se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas. Na proposta didáctica terán cabida as secuencias de aprendizaxe, os proxectos ou as unidades didácticas que engloben contidos de diferente tipo e de distintas áreas, aínda que tamén é conveniente planificar outras actividades que alternen coas propostas globalizadas. De igual maneira para a atención á diversidade de INTERESES, MOTIVACIÓNS, CAPACIDADES, RITMOS E ESTILOS DE APRENDIZAXE en cada proposta pedagóxica teremos en conta OBXECTIVOS E CONTIDOS PRIORITARIOS E OBXECTIVOS E CONTIDOS SECUNDARIOS. Ao mesmo tempo imbricaremos a programación didáctica cos diferentes PLANS e PROXECTOS (PLAN LECTOR, PLAN TIC, PLAN DE CONVIVENCIA, DNL, VOZ NATURA E PROXECTA) que se están a desenvolver no centro e coa CONTORNA NATURAL, SOCIAL E CULTURAL. Atenderase aos seguintes aspectos:

É importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Para iso pódense empregar diversas estratexias e recursos: a través de preguntas, follas de planificación, cos seus propios debuxos, opinións e propostas nos tempos de faladoiro, e mesmo a caixa de suxestións.

A organización de proxectos, consensuados, negociados e levados a cabo colectivamente polo grupo; a realización de asembleas para comentar acontecementos ou discutir e decidir determinados aspectos da actividade diaria, constitúen valiosas estratexias que a persoa docente utilizará porque son altamente motivadoras e favorecen o desenvolvemento das relacións interpersoais, o establecemento de vínculos afectivos, así como que a nena e o neno se sintan membros do grupo e participen activamente nel.

A formulación de preguntas abertas por parte da mestra ou mestre acerca de determinados feitos ou situacións, á parte de estimular a linguaxe infantil, contribúe eficazmente a ensinarlles ás nenas e aos nenos a facerse interrogantes pertinentes e a buscar respostas axeitadas. Promovendo o diálogo e o intercambio de opinións sobre calquera tema que se estea investigando na aula.

É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa, xa que as cativas e os cativos, mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman -formas, tamaños, espazos, volumes-, establecen relacións, deseñan situacións, e invisten a acción coa súa emocionalidade e simbolismo; manifestan a través desta actividade lúdica as súas vivencias e experiencias e van aprofundando en novos niveis de relación e de interacción.

A afectividade debe ser o fío condutor de toda situación de ensino-aprendizaxe. As nenas e os nenos deben sentirse seguros e construír coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva.

## O PAPEL DO PROFESORADO

É fundamental que a mestra e o mestre sexan quen de potenciar no seu alumnado unha serie de habilidades de pensamento que o axuden a encontrarlle sentido á súa experiencia; isto é: involucrarse en proxectos con xogos e actividades que o fagan observar, pescudar, imaxinar, adiviñar, buscar alternativas, formular hipóteses, anticipar consecuencias... habilidades esenciais todas elas para conectar as experiencias presentes coas pasadas, formular problemas, facer estimacións, medir..., ademais de proporcionarlles ás nenas e aos nenos ferramentas que lles permitan evolucionar nos coñecementos e as habilidades que desenvolveron, a fin de garantir a construción de novas aprendizaxes.

Para ofrecer unha intervención que conecte co saber, co saber facer e co saber estar de cada criatura é necesario partir dos esquemas de coñecemento do alumnado e do significado que lles atribúe. A mestra ou mestre posicionarase como mediadora entre o alumnado e a cultura, atendendo á diversidade do mesmo e contemplando situacións que requirirán, ás veces, dirixir, suxerir, e outras acompañar. A partir da observación do que as nenas e nenos saben podemos intervir en cada caso de xeito máis próximo aos seus coñecementos -axudar a reflexionar sobre o modo de indagar o que di un texto, buscar pistas, buscar coherencia, etc.

A educadora ou educador velarán por crear un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións, a desvalorización, estigmatización ou ridiculización. É importante favorecer que as nenas e os nenos expresen libremente as súas opinións, os seus sentimentos e suxestións, e que os adultos creen condicións para que sexan escoitados, aceptados e respectados nas súas diferenzas.

As persoas adultas deben ter altas expectativas nas posibilidades das nenas e dos nenos en todos os planos e darlles sinais claros das súas potencialidades, animando e preocupándose de que as criaturas poidan superar desafíos, perseverando e desenvolvendo a tolerancia á frustración.

Débese evitar valorar máis os acertos que os erros e corrixilo todo. Cambiar a idea de evitar os erros pola de empregar os erros, e tamén os acertos, como fonte de información dos coñecementos das criaturas. Crear un clima de aceptación e de respecto mutuo no que equivocarse sexa un paso máis no proceso de aprendizaxe, no que cada criatura se sinta retada e ao tempo con confianza para pedir axuda.

A persoa adulta será prudente á hora de facer valoracións sobre as producións infantís para preservar a espontaneidade da creación fronte aos estereotipos e aos criterios preestablecidos de beleza ou de perfección.

A intervención da persoa docente – guiando, animando, apoiando, abrindo novos camiños, suxerindo...- estimulará a creatividade e contrarrestará estereotipos e convencionalismos.

## O PAPEL DO ALUMNADO

Terase en conta que cando as criaturas chegan á escola xa teñen un percorrido no seu coñecemento, e potenciarase a súa capacidade para descubrir e sentirse exploradores activos, poñendo á súa disposición os medios que llo posibiliten, así como tamén o acceso a obxectos ou a novas fontes de coñecementos.

Cando a un grupo de nenas e nenos se lles confiren responsabilidades de progresiva complexidade en relación con ámbitos referidos a si mesmos, ás demais persoas e ao medio natural, estamos abríndolle a posibilidade de que aprecie e valore os seus logros e esforzos e os das outras persoas, avanzando no proceso de autonomía persoal.

É igualmente importante ofrecerlle ao alumnado situacións de aprendizaxe que incentiven e potencien a realización das súas propias propostas, a toma de decisións, así como a posibilidade de anticipar as súas accións, a organización das actividades, os materiais e recursos que se van empregar, facéndolle ver que todas e todos poden realizar accións por si mesmos e compartilas cos demais.

Potenciarase que o alumnado reflexione sobre os seus progresos mostrándolle as súas producións e realizando unha coavaliación. Isto resulta sempre satisfactorio e un motivo de fortalecemento da autoestima.

## AGRUPAMENTOS

Para poder atender á diversidade do alumnado e á aprendizaxe de contidos de distinta natureza, organizaranse diversas formas de agrupamento contemplando as potencialidades de cada unha delas:

O gran grupo é apropiado cando se trata de planificar conxuntamente as actividades, exposicións, lectura dalgúns textos, distribución de tarefas, explicacións, presentación de modelos, debates, asemblea, conferencias, etc.

O grupo pequeno é o ideal para favorecer a interacción cooperativa, permite asignar a cada nena ou neno tarefas concretas e estruturadas de tal xeito que a mestra ou mestre poida prestar as axudas axeitadas segundo o grao de realización da tarefa. Deben ser variables, homoxéneos e heteroxéneos. A organización en parellas acostuma a ser moito máis rendible polo grao de implicación que comporta .

A actividade individual é un bo recurso para a interacción máis específica coa persoa docente, ao tempo que promove as estratexias de planificación da acción, a responsabilidade, a autonomía e a autoxestión .

## APERTURA AO CONTORNO

A educación infantil acada o seu pleno sentido nun marco de colaboración e coordinación entre os elementos que inciden no proceso educativo das nenas e dos nenos: o equipo docente, as familias e o contorno.

En canto á relación coas familias, é necesaria unha boa comunicación e coordinación con ela, xa que a eficacia da educación infantil depende, en gran medida, da unidade de criterios educativos na casa e na escola.

En canto á apertura ao contorno, planificaranse tanto saídas como visitas de membros da comunidade educativa. Así:

Aproveitarase o potencial educativo das saídas e das visitas, planificadas detidamente, para sacar delas o maior partido educativo posible. É importante que a persoa docente teña moi claros cales son os contidos que pretende traballar coa visita, e non saír por saír, ou pretender observar e explorar todos os elementos do contorno. En calquera caso, sempre existirá unha finalidade -traducida en obxectivos-, un deseño e unhas actividades que estean inseridas na programación xeral e que permitan aproveitar ao máximo este recurso. O aproveitamento da actividade non finaliza coa volta ao centro. Durante o día ou os días seguintes pódense crear situacións de comunicación e intercambio do que se viu e do material recollido, así como animar as criaturas a que o expresen mediante distintas linguaxes. Todo iso dará lugar a suscitar actividades que provoquen novos interrogantes e reforcen certas adquisicións.

De igual forma, a persoa docente propiciará experiencias nas que teñan cabida as relacións con nenas e con nenos doutras aulas e con persoas adultas, xa que así non só se contribúe en gran medida a que as criaturas vaian ampliando as súas relacións, senón que permiten descentrar positivamente a tarefa educativa da persoa docente e da aula.

A continuación amosamos como se poderían artellar as interaccións múltiples e as aprendizaxes situados:

<b>INTERACCIONES MÚLTIPLES Y APENDIZAJE SITUADO</b>	Organizar y estimular interacciones múltiples (entre iguales, con miembros de la comunidad educativa, voluntarios, personas del entorno, a través de la Web y entornos colaborativos, etc) para resolver tareas integradas en contextos diversos a través del diálogo y la reflexión colectiva.
<b>INTEGRACIÓN METODOLÓGICA</b>	Complementariedad de modelos y estrategias metodológicas que estimulen diversos procesos cognitivos y guíen al alumnado hacia el aprendizaje autónomo. Dar claves sencillas y claras en la guía didáctica y ofrecer monográficos sobre cada modelo o estrategia. Se pueden utilizar símbolos para identificar el modelo o la técnica que se utiliza en la actividad.
<b>RECURSOS DIGITALES</b>	Utilizar gran variedad de recursos digitales asociados a las actividades de la tarea y seleccionarlos por su idoneidad para estimular y consolidar el tipo de aprendizaje que éstas proponen.
<b>CREACIÓN DE AMBIENTES DE APRENDIZAJE</b>	Guiar la acción del docente para construir ambientes de aprendizaje coherentes con el modelo que se les propone a través de las orientaciones didácticas.
<b>AGRUPAMIENTOS</b>	Equilibrio entre el aprendizaje individual y el que se realiza en grupo combinando a lo largo de la secuencia de

	actividades diversos modelos que aseguren la interacción y la reflexión personal sobre el propio aprendizaje.
<b>ESCENARIOS</b>	Proponer escenarios múltiples en las orientaciones didácticas.
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	La reducción del número de Unidades Didácticas garantizando que éstas integren todos los aprendizajes básicos del nivel permitirá un aprendizaje más profundo, experiencial y reflexivo. Se pueden proponer orientaciones para organizar el desarrollo de la tarea en sesiones que complete la temporalización general (n.º semanas del mes).

## AS COMPETENCIAS CLAVE E A SÚA REPERCUSIÓN NA METODOLOXÍA

A incorporación das competencias no currículo obriga a reformular a práctica educativa. Precísase un cambio, débense abandonar os tradicionais modelos de transmisión do coñecemento por modelos que permitan a mobilización de diferentes recursos cognitivos. O paradigma educacional referente debe ser o de “aprender a aprender” e de “aprender facendo”. Cómpre unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica.

Unha xestión docente baseada na formación de competencias ten que asumir estratexias didácticas que afonden no proceso e que destaquen a función orientadora da mestra e do mestre.

Para desenvolver as competencias é necesario traballar, sobre todo, por proxectos e resolvendo problemas, así propoñeranse tarefas e retos que inciten ás alumnas e aos alumnos a mobilizar os seus coñecementos e habilidades.

Dende a metodoloxía de proxectos trátase de achegar a escola á vida diaria. Empregando un enfoque globalizador, partindo dos intereses das nenas e dos nenos, das súas experiencias e coñecementos previos. Dende a perspectiva didáctica, o proxecto artículase como un itinerario formativo planificado en situacións de ensino nas que se poñen en práctica as diferentes competencias básicas.

No centro debemos deseñar un proceso de e-a competencial no que se desenvolverán **competencias** que non son máis que as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza

e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. E, establécese que as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3º. Competencia dixital (CD).



- 4º. Aprender a aprender (CAA).
- 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Xa que logo a **RECOMENDACIÓN 2006/962/EC do Parlamento Europeo**, considera que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”

Sen esquecermos Así mesmo, que a **ORDE ECD 65/2015** recórdanos que a aprendizaxe por competencias favorece os procesos de aprendizaxe e a motivación por aprender. Caracterizado ademais pola súa transversalidade, dinamismo e carácter integral, xa que permite traballar desde todas as áreas de coñecemento, tanto en ámbitos formais, non formais e informais.

Se debemos deseñar ensinanzas e aprendizaxes competenciais debemos ter en conta as competencias como un *tipo de aprendizaxe que pon de manifesto a necesidade de ter en conta no proceso de ensinanza a forma en que unha persoa moviliza todos os seus recursos persoais para alcanzar o éxito na resolución dunha tarefa no marco dun contexto definido.*

Neste sentido, as competencias básicas non se desenvolverían se non partíramos dunha **aprendizaxe situada (LAVE E WENGER)**, é dicir, vinculada a un determinado contexto e a unhas determinadas tarefas e que permiten adquirir a competencia necesaria. Esta visión da aprendizaxe contextualizada ou situada conecta cunha ampla tradición de teorías e prácticas educativas que agora ven reforzado o seu valor (Dewey, Vigostky, Freinet, Decroly, Freire ...)

Ademais, as competencias clave representan un **paquete multifuncional** e transferible de coñecementos, destrezas e actitudes que todos os individuos necesitan para a súa realización e desenvolvemento persoal. Estas deberían ter sido desenvoltas para o final da ensinanza obrigatoria, e actuar como base para unha posterior aprendizaxe como parte dunha aprendizaxe ó longo da vida. (Comisión Europea, 2004: 7)


Pois ben, atendendo a esta idea, segundo algúns autores, os membros do **Proxecto Atlántida** recoméndonos ter en conta, á hora de deseñar actuacións, por en funcionamento diferentes **modos de pensamento** (reflexivo, analítico, lóxico, crítico, creativo, sistémico, analóxico, deliberativo, e, práctico) e relacionar eses modos de pensamento cos distintos tipos de contidos, así como con distinto tipo de actividades propias de diferentes prácticas sociais.

Neste sentido deberemos ter en conta o papel primordial da **Teoría das Intelixencias Múltiples** de Gardner, que considera ó individuo como un conxunto de intelixencias múltiples, distintas e semi-independentes, que diferenciarían ós individuos en función da intensidade de cada unha delas.

Igualmente botaremos man da **Taxonomía de Bloom** pois ofrécenos 6 niveis de desenvolvemento dos coñecementos que deberemos traballar: memoria, comprensión, aplicación, análise, síntese e avaliación, e que farán máis competente ó noso alumnado nos diferentes coñecementos.

A cuestión está en determinar que a metodoloxía eficaz para o desenvolvemento competencial require un traballo que: contemple a diversidade de agrupamentos e posibilite unha ampla gama de interaccións sociais favoreza a planificación conxunta e a autonomía nas tarefas, a organización dos materiais e recursos, a adopción de fórmulas variadas de agrupamento acordes coas necesidades diferentes de traballo, permita o uso de fontes e recursos variados, cotiáns e familiares, mesturando o dixital e o tradicional, o innovador e o clásico, promova *métodos* con enfoque integrador (globalizados e interdisciplinarios) que permitan que o grupo planifique e organice as tarefas conxuntamente, que todos os rapaces e todas as rapazas poidan implicarse activamente en función dos seus intereses e da diversidade, que o alumnado se enfrente a problemas verdadeiros e a temas reais e cotiáns; que ofrezan ocasións para controlar o proceso, valorar os logros, medrar na aprendizaxe partindo do que sabe; que permitan manexarse con éxito ante a información e que estimulen a práctica reflexiva e crítica

Así, tal como establecea **ORDE ECD 65/2015**, a metodoloxía que deberemos utilizar para poder ter unha intervención educativa acorde cos fundamentos teóricos das aprendizaxes competenciais deberá ter en conta **enfoque por proxectos**. Este caracterízase por: O alumnado aprende facendo, o profesorado non é o protagonista do proceso, a avaliación é participativa, o alumnado tamén



se autoavalia e avalía o proceso, calquera situación, problema, necesidade... xera ou pode xerar un proxecto, a planificación e a acción discorren conxuntamente, o clima creado propicia que o alumnado poida aprender e practicar una ampla gama de habilidades sociais e metacognitivas, así como disposicións para aprender a aprender, a mobilización de saberes permite resolver problemas e situacións e provocar novas aprendizaxes, o feito dun traballo compartido permítelle, tamén ao profesorado, desenvolver competencias profesionais, e, o obxecto de traballo, nun proxecto interdisciplinario, pode tratarse dende distintas áreas ou materias, que achegarán aspectos novos que, illadamente, seguramente non serían considerados nin traballados.

Traballar por proxectos vains permitir avanzar na comprensión do concepto de integración de áreas, materias, disciplinas e nunha concepción do mundo e do saber; na necesidade de reflexionar sobre a realidade, sobre o que acontece, sobre as relacións persoais e sobre as interaccións que se establecen, sobre como se ensina e como se aprende cando todas e todos formamos parte do proceso e facemos camiño conxuntamente. Vai permitir, dunha maneira máis eficaz e xusta, atender á diversidade.

Calquera proxecto incide no desenvolvemento de **destrezas** como: actuar e desenvolverse en grupo atopando fórmulas de cooperación coas demais persoas implicadas no proxecto, asumir as responsabilidades e roles que lle correspondan no grupo e nas diferentes actividades e tarefas, establecer relacións entre feitos do seu contorno, entre aprendizaxes formais e non formais, entre o aprendido en distintas áreas ou materias dos currículos, intercambiar, producir, debater e contrastar mensaxes, desenvolver a creatividade e a imaxinación, identificar e resolver problemas partindo da súa experiencia e posibilidades, usar os recursos ó seu alcance para resolver as dúbidas e interrogantes que lle xurdan, tomar decisións e compartilas, coordinar a propia actuación coa do resto do grupo, anticipar e planificar, ser consciente da propia aprendizaxe, levar a cabo tarefas de busca e procesamento, previa estruturación, da información...

O desenvolvemento das competencias debe partir de deseñar UDIS e **PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS** (dende a BIBLIOTECA do centro) como ferramentas óptimas para lograr aprendizaxes creativos, activos, significativos, motivadores ...onde o alumnado é o axente activo e o profesorado o posibilitador, o dinamizador, promotor...de situacións de aprendizaxe.

## A TEMPORALIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN HORARIA

A distribución horaria organizarase dentro dunha perspectiva globalizada e incluírá actividades que permitan respectar os ritmos de actividade, xogo e descanso das nenas e dos nenos.

Será necesario organizar o tempo baixo presupostos de flexibilidade que lle permitan ao profesorado axeitalo ás características das tarefas, de xeito que o horario estea sempre ao servizo da metodoloxía. No desenvolvemento da xornada escolar combinarase tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades das criaturas.

## A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. A intervención educativa atendendo ao establecido no TÍTULO II da LOOMCE debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e nenas, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.
2. Os departamentos da Administración autonómica con competencias en cada ciclo establecerán os procedementos que permitan identificar aquelas características que poidan ter incidencia na evolución escolar das nenas e dos nenos. Así mesmo, facilitarán a coordinación de cantos sectores interveñan na atención deste alumnado.
3. Os centros adoptarán as medidas oportunas dirixidas ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo.
4. Os centros atenderán as nenas e os nenos que presenten necesidades educativas especiais buscando a resposta educativa que mellor se adapte ás súas características e necesidades persoais.
5. Terase en conta o principio de flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado en toda a etapa educativa.

Concíbase a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado para lograr a inclusión, igualdade de oportunidades, accesibilidade, flexibilidade e a equidade.

No marco do Decreto 229/2011, enténdese por **medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado**. Entre as medidas ordinarias que teremos en conta están:

**a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.**

**b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado contemplando actividades de reforzo, ampliación e recuperación.**

**c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.**

**d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.**

#### ***Descrición do grupo despois da avaliación inicial***

Número de alumnos:

Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de actividade...):

Que fortalezas identificas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?

Que necesidades identificas e como as vas abordar? (*Planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas..*)

Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?

#### ***Necesidades individuais***

Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? (*Cómpre ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non-diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...*).

Que medidas organizativas vas adoptar? (*Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual*).

Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas empregar?

Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles?

Cada canto e como vas avaliar os seus progresos?

En cada UDI deseñanse actividades de DE REFORZO, ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN e ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN en función das necesidades de cada alumno-alumna.

O plan de CONCRECIÓN CURRICULAR terá en conta a ATENCIÓN Á DIVERSIDADE do alumnado e familias:

As principais actuacións farán referencia a:

- diferentes tipos de agrupamentos
- técnicas de aprendizaxe cooperativo
- actividades e tarefas para a mellora da atención, memoria, discriminación visual,...(ábacos, miniarco, regletas, bloques lóxicos e os seus atributos, sudokus, laberintos, trinomios,...)
- deseño de obxectivos prioritarios e secundarios e desenvolvemento de contidos prioritarios e secundarios
- deseño de tarefas, actividades e exercicios de ampliación, reforzo, recuperación
- emprego de recursos multisensoriais e tic
- a titoría e a orientación ao alumnado e as familias: A educación nesta etapa enténdese como un proceso compartido coas familias que se favorecerá dende o centro docente a través da titoría. A persoa responsable da titoría manterá actividades periódicas para intercambiar información coas familias e adoptará as medidas necesarias para que nais, pais ou titores teñan unha implicación máis directa no proceso de ensino-aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.

O centro educativo programará o período de adaptación do alumnado para favorecer a transición á nova situación de ensino-aprendizaxe. A organización deste período garantizará a incorporación gradual do alumnado dende o inicio das actividades lectivas

sesións formativas coas familias

mapas conceptuais de cada proposta pedagóxica-didáctica para coñecemento das familias e implicación nos diferentes proxectos ou propostas.

## TAREFAS E ACTIVIDADES

Tódalas tarefas e actividades que se deseñen levarán diferentes tipos de actuacións: actividades de motivación-introducción e coñecemntos previos, actividades de desenvolvemento, actividades de reforzo, actividades de ampliación, actividades de recuperación.

La atención a la diversidad desde una enfoque inclusivo exige hacer posible que la tarea programada esté al alcance de todo el alumnado. Proponemos utilizar en la propia tarea los principios del Diseño Universal de Aprendizaje y sentar la bases para una programación múltiple evitando de ese modo, siempre que sea posible adaptaciones curriculares, que dejarán de ser necesarias. Solamente las realizaremos de modo sistemático y exhaustivo con el alumnado que presente una gran discrepancia con el nivel de su grupo de referencia. Aplicar los principios del DUA facilita que

todo el alumnado se sienta motivado ante el reto que se le propone en la tarea, tenga acceso normalizado a la información que se presenta y pueda participar expresando sus conocimientos del modo más adecuado a sus posibilidades, preferencias y/o limitaciones.

ATENCIÓN A LA DIVERSIDAD E INCLUSIÓN	
<b>DISEÑO UNIVERSAL DE APRENDIZAJE</b>	Es la clave de la <b>INCLUSIÓN</b> y potencia la personalización del proceso de aprendizaje. Prepara los materiales didácticos generales para la atención a la diversidad proporcionando opciones múltiples de forma normalizada evitando adaptaciones curriculares innecesarias.
<b>OPCIONES MÚLTIPLES DE MOTIVACIÓN</b>	Suscitan el compromiso con la tarea de todo el alumnado. Se proporcionarán en la actividad de motivación de la secuencia didáctica. Estimulan la <b>PARTICIPACIÓN</b> Potencian las <u>funciones ejecutivas</u> de <b>activación</b> . Presentan la tarea utilizando diversas forma de representación con actividades que estimulan las <b>inteligencias múltiples</b> para diversificar la motivación.
<b>OPCIONES MÚLTIPLES DE REPRESENTACIÓN</b>	Presentación <b>MULTIMODAL</b> de la información. Facilitan el <b>ACCESO</b> a la información a todo el alumnado. Se utilizan en las actividades de la secuencia didáctica que presentan contenidos o información facilitando la comprensión. Estimulan las <u>funciones ejecutivas</u> de <b>atención</b> y <b>planificación y organización</b> . Presentan las actividades de la secuencia didáctica utilizando diversas forma de representación con actividades que estimulan las <b>inteligencias múltiples</b> .
<b>OPCIONES MÚLTIPLES DE EXPRESIÓN</b>	Proponer la expresión de los conocimientos adquiridos de formas diversas adaptadas a los diferentes <b>estilos cognitivos y de aprendizaje</b> y a las posibilidades y/o limitaciones de todo el alumnado. Estimulan las <u>funciones ejecutivas</u> de <b>autorregulación emocional y la memoria de trabajo</b> . Proponer diversas formas de expresión utilizando las formas de respuesta de las <b>inteligencias múltiples</b> .

## PROGRAMACIÓN MÚLTIPLE

De forma opcional, se puede facilitar la concreción curricular de los elementos de la tarea a diferentes niveles de competencia curricular.  
Permite la **ADAPTACIÓN CURRICULAR** orientando la adaptación de materiales curriculares a diferentes niveles de competencia.  
Garantizan una evaluación justa e individualizada del logro alcanzado.  
Permite la elaboración de **instrumentos de evaluación diferenciados** para cada nivel de competencia de los aprendizajes programados en la propuesta general.  
Orienta la propuesta de ejercicios de **refuerzo** y actividades de **ampliación**.

Para fundamentar este apartado es necesario partir de la definición del concepto de **INCLUSIÓN** educativa y de cada una de sus dimensiones.

La inclusión educativa pretende avanzar hacia una educación de CALIDAD para TOD@S y con TOD@S, suprimiendo las barreras, para el acceso, el aprendizaje y la participación, que interaccionan negativamente con las condiciones personales de algunos alumnos y alumnas, particularmente vulnerables a los procesos de exclusión

Se entiende por barreras, los recursos, los servicios y las ayudas que presta la administración para la inclusión, los valores de la cultura escolar, las políticas, y las **formas de concretar el currículo en el aula** que pueden llegar a condicionar positiva o negativamente la presencia, el aprendizaje o la participación de determinados alumnos en la vida escolar, entre otros. (Echeita y Sandoval 2010). Los autores nos proponen como modelo de identificación de barreras el sistema de indicadores para que las escuelas puedan ser capaces de evaluar su propio centro presente en el *Index for inclusion* (Booth y Ainscow, 2002). Se acaba de presentar “Guía para la Educación Inclusiva”. Este libro es la traducción de la tercera edición, corregida y ampliada, de “Index for Inclusion” La traducción la ha llevado a cabo un equipo del Consorcio para la Educación Inclusiva, integrado por Gerardo Echeita, Yolanda Muñoz, Cecilia Simón y Marta Sandoval.

La inclusión educativa se asienta sobre tres pilares:

### PRESENCIA O ACCESO

Hacer posible la presencia o acceso del alumnado a las aulas y a los centros ordinarios, es decir, a aquellos centros a los que el alumno o los padres de éste, quisieran que acudiera si no hubiera elementos que lo impidieran (arquitectónicos, burocráticos, materiales, organizativos, etc...)

### APRENDIZAJE

Se trata de que TODO el alumnado aprenda y progrese al máximo de sus capacidades, y tenga experiencias educativas variadas, relevantes y significativas para su vida presente y para su futura inserción en la vida activa.

## PARTICIPACIÓN

Reconocer y apreciar la identidad de cada alumno y alumna y procurar su bienestar personal (autorregulación emocional, confianza en sus posibilidades, autoestima) y social (relaciones de amistad y compañerismo).

Nuestra propuesta para facilitar la inclusión educativa desde la tarea integrada es la utilización sistemática del Diseño Universal de Aprendizaje, a partir de ahora **DUA**.

Los materiales educativos, tanto en formato papel como digital, deberían cumplir sus principios. El **Real Decreto Legislativo 1/2013**, de 29 de noviembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social define Diseño Universal o diseño para todas las personas como la actividad por la que se conciben o proyectan desde el origen, y siempre que ello sea posible, entornos, procesos, bienes, productos, servicios, objetos, instrumentos, programas, dispositivos o herramientas, de tal forma que puedan ser utilizados por todas las personas, en la mayor extensión posible, sin necesidad de adaptación ni diseño especializado.

Tal y como describe la “Guía para el Diseño Universal del aprendizaje” editada por **CAST** (Center for Applied Special Technology), el DUA ayuda a estar a la altura del reto de la diversidad sugiriendo materiales de instrucción flexibles, técnicas y estrategias que den poder a los educadores para atender y reconocer estas múltiples necesidades. Un currículo diseñado universalmente está diseñado *desde el principio* para tratar de satisfacer las necesidades educativas del mayor número de usuarios, haciendo innecesario el costoso proceso de introducir cambios una vez diseñado “para algunos” el currículo general.<sup>1</sup>

CAST empezó a comienzos de los 90 a investigar, desarrollar, y articular los principios y prácticas del Diseño Universal para el Aprendizaje. El término fue inspirado por el concepto de diseño universal de la arquitectura y el desarrollo de productos promovido por Ron Mace de la Universidad de Carolina del Norte en los 80, cuyo objetivo es crear entornos urbanos y herramientas que se puedan utilizar por el mayor número de personas posible. Como las personas no son edificios ni productos, la asociación abordó el problema del diseño universal respecto a las ciencias del aprendizaje. Así, los principios del DUA van más allá que centrarse en el acceso a lugares como la clase y se centran en el acceso al aprendizaje.

La guía describe tres principios primarios que orientan el DUA, y proporcionan la estructura para su aplicación:

**Principio I: Proporcionar múltiples medios de representación** (el “¿qué?” del aprendizaje). Los alumnos difieren en el modo en el que perciben y comprenden la información que se les presenta. Por ejemplo, aquellos con diferentes estilos cognitivos, diferentes estilos de aprendizaje, incluso con deficiencias sensoriales (ejemplo. Sordera o ceguera); dificultades de aprendizaje (dislexia), diferencias culturales o de idioma y demás, pueden requerir todos ellos diferentes maneras de abordar los contenidos. Otros pueden simplemente captar mejor la información a través de métodos visuales o auditivos que a través de un texto escrito. En realidad, no hay un solo medio que sea el mejor para todos los alumnos; el proporcionar opciones en la representación es esencial.

---

1

**CAST** es una organización estadounidense sin ánimo de lucro de investigación y desarrollo, que trabaja para expandir las oportunidades de aprendizaje a todas las personas, especialmente aquellas con discapacidad, a través del Diseño Universal para el Aprendizaje.

**Principio II:** Proporcionar **múltiples medios de expresión** (el “¿cómo?” del aprendizaje). Los alumnos difieren en el modo en que pueden “navegar en medio de aprendizaje” y expresar lo que saben. Por ejemplo, individuos con diversidad de habilidades motrices o estratégicas y organizativas, incluso los que presentan dificultades (déficits de la función ejecutiva, TDHA), aquellos con un idioma materno distinto a la lengua de acogida y demás, abordan las tareas del aprendizaje y demostrarán su dominio de manera muy distinta. Algunos serán capaces de expresarse correctamente por escrito pero no oralmente, y viceversa. En realidad, no hay un medio de expresión óptimo para todos los estudiantes; proporcionar opciones para expresarse es esencial.

